



Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Coro

Curso escolar 2024 / 2025



Índice

Introducción	3
Obxectivos xerais	6
Obxectivos específicos.....	7
Obxectivos na especialidade de coro	9
Obxectivos da materia de coro como optativa	10
Contidos	11
Criterios de avaliación	12
Criterios de avaliación como optativa	13
Metodoloxía	14
Procedementos e instrumentos de avaliación	15
Criterios de promoción e mínimos exixibles	16
Criterios de calificación	17
Procedemento de avaliación alternativa.....	18
Probas extraordinarias de xunio	19
Alumnos con patoloxías relacionadas coa voz e afectados polo cambio da voz ...	20
Actividades complementarias e extraescolares	21

1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

O coro, polas súas características intrínsecas, é un espazo de formación de primeira orde non só para aprender a técnica vocal, senón tamén para reforzar os coñecementos adquiridos noutras materias. Desde este modo de ver, o coro tamén permitirá contribuír a facer un percorrido polas épocas e os estilos, co que se amosa unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común.

A propia práctica interpretativa, tal e como esta se decantou definitivamente a partir das innovacións levadas a cabo no período romántico, opera unha distinción fundamental entre os instrumentos, segundo estes puidesen ou non inserirse na estrutura e nas necesidades cotiás dunha orquestra sinfónica.

Como regra xeral, pódese afirmar que os instrumentos homofónicos forman parte desta, en canto que son os polifónicos, precisamente pola súa propia condición, os que permanecen a marxe desta, igual que, por motivos ben diferentes, os chamados instrumentos históricos, en desuso xa antes do nacemento da orquestra tal e como hoxe a concibimos.

Se o currículo de ensinanzas profesionais de música acolle a materia de orquestra ou, de ser o caso, de banda ou de conxunto, para o primeiro tipo de instrumentos citados, resulta tamén obrigada a inclusión dunha materia que



opere de igual maneira na formación do alumnado. Neste sentido, imponse tamén unha materia que incorpore, por un lado, un matiz de colectividade e, por outro, unha relativización do papel que xoga o intérprete na consecución dos resultados finais.

Dada a autosuficiencia dos instrumentos polifónicos, a práctica coral halles proporcionar aos instrumentistas unha perspectiva nova. Así, o hábito de interpretar varias voces a un tempo pode redundar nunca perda da capacidade para cantar, para decir coa máxima concentración musical unha única voz. Para tocar ben compre cantar ben, di un antigo proverbio italiano. O instrumentista, por así dicilo, afástase da polifonía e retorna a orixe, á monodía e á primeira canle expresiva posible: a voz humana. Vaina utilizar con maior naturalidade e flexibilidade que o seu propio instrumento, e vai afrontar a interpretación dunha melodía cunha musicalidade e unha intuición cantable con frecuencia entorpecidas pola complexa técnica do seu instrumento.

Xa que logo, cantar converterase un n modelo e nunca vía alternativa de aproximación á música, desligada la lente e complexa aprendizaxe dunha técnica. Os alumnos/as sentirán como as barreiras que parecían interperse entre o seus corpos e os seus instrumentos desaparecen e como a música xorde con espontaneidade e de inmediato. É o seu propio corpo quen a produce desde o seu interior, e que, pola súa vez, actúa como executante e como caixa de resonancia. É o corpo quen se transforma en música, experiencia quen sen dúbida enriquecerá o alumnado e modificará substancialmente a perspectiva da súa aproximación ao instrumento.

Por outra banda, igual que sucede coas materias de orquestra, de banda e de conxunto, a actividade coral ha servir tamén para evitar o illamento do instrumentista dentro dun repertorio, unhas dificultades e un modus operando de carácter individual. A cambio, o alumnado sentirase partícipe dunha interpretación colectiva, na cal a afinación (case sempre fixa nos instrumentos polifónicos, que non requiren da participación do intérprete para conseguila), o empaste, a homoxeneidade no fraseo e a claridade das texturas serán algúns dos obxectivos para acadar. A actitude de escoita e de adecuación da súa voz á dos seus compañeiros de rexistro, por unha banda, e á suma de todo o conxunto, por outra redundarán tamén en beneficio da amplitude de miras e do enriquecemento musical do instrumentista.



O coro ha fomentará, ademais, as relacións humanas entre o alumnado, afeito a unha práctica instrumental individual. Como na execución orquestral, o coro incentivará tanto unha actitude de disciplina como a necesidade de seguir as indicacións da dirección, de xeito que o traballo realizado nos ensaios pode dar os seus froitos no concerto o una interpretación da versión definitiva dunha obra. A sensación, como integrantes dun corpo colectivo, será tamén moi diferente, xa que o alumnado sentirá a responsabilidade compartida, ao se ver apoiado e, dalgún xeito, protexido polos demais membros cos cal, sen dúbida, xurdirán relacións de compañeirismo e de intercambio.

A historia amósanos como as capelas musicais de catedrais, igrexas e cortes constituíron a mellor escola para formar compositores e instrumentistas ou cantantes. Algúns países da nosa contorna cultural conservaron esta tradición e moitos dos seus músicos máis salientables iniciaron a súa formación deste xeito. A actividade coral permite un achegamento a gran tradición polifónica – particularmente rica no caso do noso país- e, non menos importante, ao riquísimo patrimonio folclórico. Este contraste entre repertorio culto e popular, relixioso e profano, acentúa aínda máis, se cadra, a importancia desta disciplina coral e a necesidade da súa inclusión no currículo das ensinanzas profesionais.

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

**OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA:
(Art. 3º Decreto 263/2007)**

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:
 - a. Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
 - b. Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético mo fonte de formación e enriquecemento persoal.
 - c. Analizar e valorar a calidade da música.
 - d. Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
 - e. Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
 - f. Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
 - g. Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
 - h. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA:

(Art. 6º Decreto 263/2007)

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

1. Superar con dominio e capacidade crítica os contados e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
2. Coñecer s elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
3. Utilizar o oído interno como base da afinación da audición harmónica e da interpretación musical.
4. Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto
5. Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
6. Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
7. Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
8. Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.



9. Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
10. Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
11. Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
12. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

OBXECTIVOS DO GRAO PROFESIONAI DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE CORO:

(Art. 24º Decreto 263/2007)

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
2. Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
3. Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
4. Decatarse da importancia de escoltar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
5. Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patenta a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
6. Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
7. Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras. Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.



OBXECTIVOS DA MATERIA DE CORO COMO OPTATIVA

Os obxectivos de Coro como materia optativa serán os mesmos de Coro Grao Profesional.

CONTIDOS:

- 1.- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- 2.- Vocalización, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- 3.- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- 4.- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- 5.- Entoación de intervalos consonantes e disonantes en diferentes graos de complexidade para afianzar a afinación.
- 6.- Práctica da lectura á vista.
- 7.- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a catro e a máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.
- 8.- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- 9.- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- 10.- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- 11.- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas e estilos, así como doutros xéneros e outros ámbitos culturais.
- 12.- Visualización de gravacións corais como medio de observación e análises.
- 13.- Interpretación en público das obras de diferentes estilos e épocas traballadas nos ensaios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:



- 1.- Reproducir en cuarteto –ou a correspondente repartición- calquera das obras programadas durante o curso.
- 2.- Mediante este criterio trátase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección
- 3.- Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda.
- 4.- Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación á eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes.
- 5.- Repentizar obras homofónicas de pouca ou mediana dificultade, e de claros contornos tonais.
- 6.- Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura á vista.
- 7.- Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena ou mediana dificultade.
- 8.- Trátase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos.
- 9.- Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido.
- 10.- Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CORO COMO MATERIA OPTATIVA

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os de grao profesional.

METODOLOXÍA:

En cada clase seguirase un criterio de traballo integrador y progresivo, xa que nestas materias no existen materias eliminables senón acumulables, en función dun fin único que é a interpretación en grupo dunha obra musical. Segundo as peculiaridades que podan aparecer en cada grupo e su proceso evolutivo, o tempo das clases poderá distribuírse entre os seguintes aspectos:

- Técnica vocal.
- Lectura a primeira vista dunha obra nova.
- Ensaio por seccións de dito fragmento.
- Traballo de afinación, métrica e pulso.
- Traballo de texto, respiracións, fraseo e articulacións dunha obra xa lida.
- Perfeccionamento en base a interpretación e empaste dunha obra xa coñecida tecnicamente.
- Indicacións pertinentes en cada obra respecto a estética, historia e forma.
- Traballo de todos os aspectos de forma individual, en seccións e en grupo.
- Montaxe de obras por parte dos alumnos segundos cursos.
- Repaso das obras xa traballadas.
- Preparación de actuacións públicas no Conservatorio.
- Audición das obras traballadas, en distintas versións, si é posible.
- Técnicas de escena.
- Autovaloración técnica e interpretativa.
- Técnica de Dirección, segundo cursos.
- Repentización de obras homofónicas o polifónicas segundos cursos.
- Interpretación de obras preparadas sen axuda do profesor, segundos cursos.
- Procedementos de avaliación.

O repertorio se elixirá entre as obras do repertorio coral adaptado ao seu nivel, tendo que recorrer nalgúns casos a versións traducidas ou adaptadas as súas posibilidades.

A relación das obras dependerá do grao de dominio da técnica que teñan os alumnos

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Probas obxectivas da interpretación das obras tanto da parte sola como formando parte dunha sección o tutti, a un ou varios por voz. En este apartado tamén se terá en conta todo o referente a aplicación da técnica vocal. Non se pode cantar coa boca cerrada.
- Observación directa a través da recollida diaria de datos sobre aspectos dos criterios de avaliación e de promoción.
- Observación do uso por parte do alumno de cada concepto do traballo de clase a través das diversas situacións que se presenten.
- Observación do alumno nas audicións públicas.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES

Os criterios de promoción son práctica coral e repertorio.

Para superar o curso, o alumno terá que superar ambos criterios.

Práctica coral abarca todos aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver coa demostración por parte do alumno da súa capacidade para formar parte dun grupo tanto a nivel persoal como musical.

Repertorio inclúe aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver coa profundización no grao de coñecemento das obras traballadas polo alumno, incluída a técnica vocal.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Para supera o curso o alumno terá que obter unha calificación positiva no apartado de repertorio e non poderá ter máis de 3 actitudes negativas no mesmo aspecto do criterio de Práctica.

Esta exixencia é debida a que o obxectivo desta materia é preparar un concerto.

Un músico que sube nun escenario para dar un concerto, solo o en conxunto, ten que saber moi ben todo o programa que vai interpretar.

Unha formación coral é un gran equipo e a súa actividade require dunha total precisión e exactitude. Un membro do equipo que sexa indisciplinado, informal, inseguro e que altere, ca súa actitude, a concentración dos demais non pode formar parte do equipo por moi ben que toque individualmente. Este será o apartado da práctica do coro.



PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN ALTERNATIVA OS ALUMNOS QUE NON ASISTAN A CLASES REGULARMENTE

A parte referente ao repertorio avaliarase nunha sesión na que deberá interpretar todas as obras do curso, total o parcialmente (según non se presente ao exámen de cada avaliación), a criterio del profesor, formando parte dun grupo instrumental dun por parte.

Ademáis realizarán unha lectura a primeira vista.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUNIO

Os alumnos que teñan dereito a exame EXTRAORDINARIO de XUNIO lles será de aplicación todo o exposto no apartado anterior desta programación, referente as probas sustitutorias para os alumnos que perderan o dereito a avaliación continua. Aqueles alumnos que tiveran suspensa a parte de práctica coral deberán presentar e defender unha programación das materia de uns 60 folios referida ao curso no que se encontren e as súas directrices serán indicadas polo profesor en base a lexislación vixente.

ALUMNOS CON PATOLOXÍAS RELACIONADAS COA VOZ E AFECTADOS POLO CAMBIO DA VOZ.

Para os alumnos de coro que, debido a patoloxías relacionadas coa voz, teñan prohibido por parte dun especialista cantar durante un período de tempo, debe ser certificado por escrito ao profesor correspondente.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES

Prevese realizar actuacións públicas no Conservatorio con todo os grupos, sempre e cando o reparto das voces e o nivel de calidade a que se chegue, sexa factible a interpretación pública das obras.

Estas actuacións terán o formato de Concertos onde interpretaranse todas, ou case todas, as obras do curso de forma que aparte de mostrar en público o seu traballo os mesmos alumnos poñan a proba a súa resistencia física no escenario, a súa capacidade de concentración e a súa habilidade para poñerse na situación de trocar o seu estado de ánimo en función do carácter das diferentes obras programadas.

Os concertos poderán ser en solitario, en colaboración con outros departamentos, en colaboración con agrupacións, organismos o persoas alleas a o centro, etc...

Outras actividades a realizar serán a asistencia a concertos que realícense dentro ou fora do centro, sempre que de eles se poidan extraer conclusións para o traballo orquestral.

Actividades conxuntas co coro de Grado Medio ou solistas, etc